

MANIFESTO 8 DE MARZO, DÍA INTERNACIONAL DA MULLER

“EU SON DA XERACIÓN IGUALDADE: POLOS DEREITOS DAS MULLERES”.

-Bos días a todas e todos.

-En primeiro lugar, quero agradecer a vosa asistencia a esta Concentración polo Día Internacional da Muller, como un acto máis de sensibilización e concienciación de todo o que dende a Concellería de Muller e Igualdade reclamamos e traballamos durante todos os días do ano, que non é outra cousa, que a consecución da igualdade real das mulleres en todas as esferas da vida: na política, na social, na familiar, na educativa, na económica e na laboral.

-O ano pasado, celebramos unha manifestación histórica no que respecta ás mobilizacións que se levaron a cabo, aínda que tamén é certo, que dende ese día, poucas cosas cambiaron.

-Pero iso non é motivo, para que todas e todos nos, todos os días, sigamos empregando todas as nosas forzas para intentar que as mulleres, deixemos de sufrir discriminacións, teñamos as mesmas oportunidades que os homes, e fixemos medidas para loitar contra o acoso sexual e acoso por razón de sexo.

-Xeracións de mulleres loitaron con valentía e determinación pola liberdade. Unha liberdade que hoxe, grazas a ela, é un patrimonio colectivo que debemos defender.

-Pero aínda queda moito por facer. A ameaza de ideoloxías que cuestionan os dereitos das mulleres debe ter unha resposta contundente. Porque aínda persisten as discriminacións, a pesar das conquistas.

-Hai quen cuestiona o feminismo, tentando devolvernó ó pasado, negando a violencia de xénero ou a violencia sexual.

-Pero non hai punto de retorno, o feminismo é imparable e ten demostrado que é unha forza poderosa e transversal. As mulleres temos conquistado espazos e dereitos sobre os que non hai opción de repregue. Non imos dar nin un paso atrás.

-Neste Día Internacional das Mulleres, hoxe 8 de marzo, dende o Concello de Monforte apostamos firmemente pola defensa dos dereitos, a liberdade e a seguridade das mulleres. E apostamos polas políticas de igualdade como instrumento para mellorar, non só as vidas das mulleres senón de toda a cidadanía.

-Non poderá haber verdadeira transformación se non se conta de maneira esencial coas mulleres, coa súa participación e contribución. Por iso, e coa igualdade como alicerce, abandeiramos xunto ao movemento feminista todas as conquistas para as mulleres tanto no Concello coma fora del.

-Desexamos firmemente que se recolla este espírito do 8M, situando a igualdade como un asunto transversal en todas as facetas da vida defendendo e afianzando os avances logrados, as mulleres estaremos fronte a aqueles posicionamentos políticos que pretenden eliminalos.

-Debemos loitar pola igualdade REAL entre homes e mulleres. Porque avanzar en igualdade é avanzar en democracia.

-Non imos tolerar nin un só retroceso. Os dereitos das mulleres non se negocian. As mulleres sofren discriminación en todos os ámbitos da vida. Pero é no laboral onde se produce unha das maiores desigualdades que viven as mulleres, pois sen independencia económica, non hai liberdade.

-Na desigualdade entre sexos está a raíz da violencia de xénero que no noso país acabou coa vida de 1.046 mulleres desde 2003, cando se comezan a contabilizar os asasinatos machistas.

-A violencia de xénero é o principal problema do noso país. As mulleres sofren outras violencias polo feito de ser mulleres, como a sexual, sen ningunha dúbida que “Se unha muller non di sí, todo o demais é NON”.

-Hoxe manifestamos unha vez mais o noso compromiso coa erradicación da violencia de xénero, co fin da precariedade laboral e a fenda salarial, a defensa dos dereitos sexuais e reprodutivos das mulleres, e a abolición da prostitución e da trata de seres humanos con fins de explotación sexual.

-Camiñar cara á igualdade plena é unha responsabilidade que nos interpela individualmente e como sociedade. E que nos obriga a todas as Administracións e a todos e todas.

-Hoxe DÍA 8 DE MARZO, a cidadanía sumase de novo a esta reivindicación ante a situación de desigualdade que viven as mulleres.

-Toda a cidadanía, mulleres e homes, temos que avanzar da man para acadar os mesmos dereitos e deberes, e dende a educación, un dos pilares fundamentais da sociedade, tanto na familia coma na escola, é necesario erradicar os roles e estereotipos sexistas que seguen a imperar na nosa sociedade.

-As mulleres non queremos nin máis, nin menos dereitos, senón os mesmos para conseguir dunha vez por todas unha sociedade igualitaria e democrática. Queremos unha sociedade paritaria e participativa, na que as mulleres ocupen o lugar que lles corresponde por dereito.

-Moitas grazas!